

## SEMANA DO 30/03 AO 3/04

Nesta última semana da 2ª avaliación só imos avanzar en lingua galega, xa que nas demais materias xa rematamos os contidos a dar.

Imos adicar a semana a facer: experimentos, manualidades, traballar a Viki Rivadulla, contidos de LG e actividades de repaso das demais.

ARTE E NATU tedes toda a semana para facer as actividades.

GALEGO e resto de materias vou secuenciar por días.

Neste pdf só está o de hoxe, en breve subirei outro co do resto da semana.

**NATU**: esta semana imos adicar todas as horas de ciencias aos **experimentos**. Lembra que a semana pasada íamos celebrar no centro a "I semana da ciencia", onde a nosa aula experimento do volcán.

Pois ben, tedes ata o domingo para realizar un experimento (se queredes en familia), gravalo e mandarmo (podedes facer o experimento que queirades e, coma sempre, de maneira voluntaria)

Para darvos ideas, aquí deixo uns enlaces de exemplos, poden ser estes ou outros que atopastes en libros ou na rede.

## **ADIANTE COA VOSA IMAXINACIÓN!!!**

### **ARTE**

Vamos facer memoria, recordades a muller que amadriñamos dende a nosa aula para conmemorar ás mulleres traballadoras?

Sí, Viki Rivadulla.

Vouvos lanzar unha serie de propostas artísticas para que fagades.

1. Investigar a súa biografía e facela nun folio. Pensade que a íamos poñer como cartel de entrada da porta, co cal debe de ser orixinal. Nela terá que aparecer o seu nome arriba decorado, e logo escribir algo da súa

vida. (ao final do pdf deixo un exemplo para que vos orientedes, despois cada un pode facelo como queira, non ten porque ser así).

2. Reproducir un cadro dela (o que máis vos guste) e mandádesme foto para colgala no blog.

## BIBLIOGRAFÍA PARA CONSULTAR

<http://bemilladoiro.blogspot.com/2017/03/viki-rivadulla-biografia.html>

<https://www.vikirivadulla.com/>

## LINGUA GALEGA

### LUNS 30

- Imos comezar a *UNIDADE 9: "Marie Curie"*.
  - o Lectura.
  - o Facer unha cronoloxía da vida da protagonita. (unha cronoloxía trata de escribir as datas que aparecen de maneira ordenada cos datos precisos do que aconteceu)  
EXEMPLO:
    - 1867: Marie Curie nace o 7 de novembro.
    - 1891: comeza os estudos de ciencias e matemáticas en París.
    - Continuade vós. Recordade poñer a data da morte ao final.
  - o Exercicio 4

## VIKI RIVADULLA

- ANO DE NACEMENTO
- INFANCIA (se hai algo importante que destacar)
- ESTUDOS
- OBRA
- TRABALLOS
- ETC

O QUE VÓS CONSIDEREDES

(PODEDES POÑER UNHA FOTO, UN RETRATO FEITO POR VÓS, ALGÚN DEBUXO, DECORAR AO VOSO GUSTO...)